



CLUB MONTAÑEIROS CELTAS

**BOLETÍN 141
MARZO 2019**

2ª MOSTRA DE CINE DE MONTAÑA E AVENTURA

mendi tour
O mellor do
Bilbao Mendi Film Festival

VIGO Sorteo de prendas
TERNUACA

MOSTRA DE CINE DE MONTAÑA E AVENTURA

9 Abril 20:10	10 Abril 20:10	11 Abril 20:10	12 Abril 20:10
Martes - Martes	Miércoles - Miércoles	Jueves - Jueves	Viernes - Viernes
Viacruxis Mejor Cortometraje de BMFF 2018 Mejor Cortometraje BMFF 2018 11' VO - sin diálogos	Notes from the Wall Sección Oficial do BMFF 2018 Sección Oficial BMFF 2018 35' VO - en/fr/du SUBT - es	Wallmapu Sección Oficial do BMFF 2018 Sección Oficial BMFF 2018 6' VO - mapuche / es	The Search for the Wood Sección Oficial do BMFF 2018 Sección Oficial BMFF 2018 11' VO - en/ge SUBT - es
The Dawn Wall Premio do Xurado do BMFF 2018 Premio del Jurado BMFF 2018 100' VO - en SUBT - es	This Mountain Life Sección Oficial do BMFF 2018 Sección Oficial BMFF 2018 77' VO - en SUBT - es	Liv Along the Way Sección Oficial do BMFF 2018 Sección Oficial BMFF 2018 22' VO - en SUBT - es	Age of Ondra Sección Oficial do BMFF 2018 Sección Oficial BMFF 2018 46' VO - en /fr/es SUBT - es
	The Weight of Water Mejor Película de Deportes de BMFF 2018 Mejor Película de Deportes y Aventura BMFF 2018 78' VO - en SUBT - es		
			Everest Green Mejor Película de Aventura do BMFF 2018 Mejor Película de Aventura BMFF 2018 53' VO - en/fr SUBT - es

XEOPARQUE MONTAÑA DO COUREL

A candidatura das Montañas do Courel a Xeoparque Mundial da UNESCO xira en torno á relación do ser humano co rico e variado patrimonio xeolóxico deste territorio . Grazas a esta candidatura, que a convertería no primeiro Xeoparque Mundial da UNESCO no noroeste de España, e polo tanto o primeiro tamén en Galicia, estase contribuíndo a cohesión dun territorio rural e a consolidación dun destino turístico, o xeoturismo nas Montañas do Courel.

ASEMBLEA XERAL ORDINARIA: 26 DE ABRIL DE 2019

Non ignores o dereito e deber de PARTICIPAR no funcionamento do teu CLUB.

Seccións

Montaña.....	2
Sendeirismo	3
Esquí.....	3
Bici de Montaña.....	4
Infantil.....	5
Cultural e M Ambiente.....	6
Calendario de actividades.....	7

Vindeiras actividades

- Pequemarcha
- Operación Benxamín
- Saídas de Bici de Montaña
- Semana Santa en Teverga
- Roteiro de Plantas
- Ferratas
- Etapas Xeoparque do Courel
- Proxección Nepal

Lei de Protección de Datos: Como ben sabedes entrou en funcionamento unha nova normativa de protección de datos que obriga ás entidades que teñan datos de carácter persoal dos usuarios ou clientes solicitar o consentimento expreso para facer uso deses datos. Montañeiros Celtas conta cunha base de datos na que se recollen os datos que subministrastes na ficha de socio, así como un libro de socios. Datos que empregamos para realizar comunicacións de actividades e de cuestións do funcionamento da asociación. Polo que necesitamos que nos fagades chegar por escrito, ben por email ou presencialmente nas nosas oficinas, o voso consentimento de uso de Datos.

MONTAÑA

Proxecto Xeoparque Montañas do Courel

Durante os últimos anos, os concellos de Folgoso do Courel, Quiroga e Ribas de Sil, están a desenvolver un proxecto común para que a UNESCO recoñeza o seu territorio como **Xeoparque Mundial da UNESCO**. No verán pasado viñeron coñecer dito proxecto os científicos nomeados pola UNESCO e actualmente está pendente de avaliación final, que parece que farán na reunión a celebrar neste mes de abril.

Como Club Montañeiros Celtas non é menos ambicioso, imos desenvolver o noso proxecto no Courel, no seu sentido máis amplo, incluíndo aquelas terras próximas de Pedrafita do Cebreiro, Samos, O Incio, Pobra do Brollón e mesmo Oencia e Vega de Valcárcel.

Como será o noso proxecto? Sinxelo. Percorrer todo O Courel. Levaranos algún tempo, quizais máis de 2 anos. Moitos coñecemos os valores paisaxísticos pois é como unha segunda casa. Pero con este proxecto desfrutaremos dos enormes valores coñecidos que O Courel atesoura, así como de outros valores menos ou nada coñecidos. Así, aos valores paisaxísticos engaderemos os xeolóxicos, etnográficos, históricos, da minería, botánicos,....

Desenvolverase en fins de semana. Comezaremos polo Concello de Ribas de Sil, coas rutas de Xeomirador de A Pómez e minas de O Vogo, O Covallón e A Escrita e baixaremos ata San Pedro e ruta de Castro-A Cubela-Tordeo. Máis adiante subiremos polo Soldón desde o Sil ata o Montouto e A Seara, iremos ao faial de Busmaior, faremos unha ruta polas devesas, da Seara a Seoane, de Brañas da Serra a Visuña, andaremos por Teixeira, Noceda, río Pequeno, devesa de Paderne, ruta do Ferro e ruta do Mamut,... Vales, cumes, devesas, camiños, bosques,....serán percorridos por Club Montañeiros Celtas como acto de agarimo de disfrute do que O Courel supón para nós.

Ide preparando as botas e mochila, ensaiar as caras de asombro e os sorrisos,... porque ademais completaremos as rutas con visitas e paradas de alto interese cultural (museo xeolóxico de Quiroga, centro de interpretación das covas de Meiraos, centro de interpretación da devesa da Rogueira, xeomiradores, castros, minas,...) **Emilio B.**

A candidatura das Montañas do Courel a Xeoparque Mundial da UNESCO xira en torno á relación do ser humano co rico e variado patrimonio xeolóxico deste territorio. A base deste patrimonio son as lousas, xarcitas e calcarias, con fósiles paleozoicos coma os trilobites, que foron pregadas intensamente dando lugar ás grandes dobras deitadas, como a de Campodola-Leixazos, declarado lugar de interese xeolóxico a escala internacional. O levantamento do relevo dos últimos millóns de anos fixo que estas rochas acadasen a superficie do terreo á vez que os ríos escavaron fervezas, gorgas e canóns, coma o do Sil. Onde había calcarias desenvolvéronse covas, refuxio de osos cavernarios e pardos, e as partes máis altas cubríronse por glaciares nos momentos máis fríos. O abrupto relevo resultante foi aproveitado para a edificación dos castros en puntos estratéxicos durante a Idade do Ferro e, despois, cos romanos, quenes iniciaron a explotación sistemática do ouro desviando incluso o río Sil a través do túnel de Montefurado. Os castros foron substituídos polos actuais pobos e castelos medievais construídos coas rochas da zona, a cal das caleiras abastecidas polas calcarias locais, e con tellados de lousas que na actualidade se exportan a Europa. Tamén teñen o seu protagonismo as mineralizacións de antimonio, chumbo e ferro na historia do territorio, destacando no desenvolvemento da siderurxia tradicional baseada nas ferreirías. En definitiva, percorrer as Montañas do Courel é percorrer unha longa historia xeolóxica e humana, aderezada co mel, castañas, viño e aceite do territorio.

Moncho Vila e Daniel Ballesteros, do proxecto Xeoparque Mundial da UNESCO Montañas do Courel. Ambos socios do Club.

Un Xeoparque Mundial da UNESCO e un territorio que presenta un **patrimonio xeolóxico notable e que leva a cabo un proxecto de desenvolvemento propio** baseado na súa promoción turística, de maneira que debe ter uns obxectivos económicos e de desenvolvemento claros. Son áreas xeográficas singulares e unificadas nas que os lugares e paisaxes de importancia xeolóxica internacional son administradas cun enfoque de protección, de educación e de desenvolvemento sostible. Un Xeoparque Mundial da UNESCO utiliza o seu patrimonio xeolóxico, en relación con todos os demais aspectos do patrimonio natural e cultural da zona. Un Xeoparque Mundial da UNESCO fundamentase nas súas peculiaridades xeolóxicas pero no só trata de xeoloxía. **Mentres que un Xeoparque Mundial da UNESCO debe mostrar que contén un patrimonio xeolóxico de relevancia internacional, os seus obxectivos deben explorar, desenvolver e promover as relacións entre o seu patrimonio xeolóxico e todos os demais aspectos patrimoniais —xa sexan naturais, culturais ou intanxibles— presentes na zona para incluílos nunha estratexia de desenvolvemento territorial.**

Ao concienciar sobre a importancia do patrimonio xeolóxico do área na historia e na sociedade actual, os xeoparques mundiais da UNESCO dan aos habitantes destes territorios un sentido de orgullo na súa rexión, fortalecen a súa identificación co área e xeran oportunidades para a creación de empresas locais innovadoras e sostibles. O seu enfoque de abaixo cara arriba é cada vez máis popular, combinando a conservación co desenvolvemento sostible, o xeoturismo, e ao tempo involucra as comunidades locais.

Os concellos que forman parte do proxecto Xeoparque Mundial da UNESCO Montañas do Courel, impulsados e coordinados dende o GDR Ribeira Sacra Courel, dentro dunha **estratexia de especialización intelixente, apostaron polo desenvolvemento do seu territorio baseado na singularidade e exclusividade que outorgaría a UNESCO co recoñecemento como Xeoparque Mundial.**

Grazas a esta candidatura, que a convertería no primeiro Xeoparque Mundial da UNESCO no noroeste de España, e polo tanto o primeiro tamén en Galicia, estase contribuíndo a **cohesión dun territorio rural e a consolidación dun destino turístico, o xeoturismo nas Montañas do Courel.** Unha vez presentada a candidatura diante a UNESCO, tralos informes favorables e cartas de apoio do Comité Nacional de Geoparques e da Comisión para la cooperación con la UNESCO en España, tras recibila visita de los avaliadores de la UNESCO en verán do 2018 para avaliar a candidatura sobre o terreo, tan só se esta a espera de que a mediados de abril de 2019 no seo da UNESCO se tome a decisión definitiva sobre a aprobación de Montañas do Courel como Xeoparque Mundial da UNESCO.

Mentres se agarda pola decisión da UNESCO, Montañas do Courel continúa a súa labor de especialización do territorio no xeoturismo, e as accións de promoción e difusión do proxecto Xeoparque son agora unha labor a desenvolver, para contribuír a promoción deste destino turístico, único en Galicia, o Xeoturismo nas Montañas do Courel.

A iniciativa de Montañeiros Celtas, para coñecer sobre o terreo o proxecto Xeoparque Montañas do Courel, representa un orgullo e satisfacción para a candidatura por varios motivos: polo interese que empeza a espertar a iniciativa, pioneira en Galicia; pola promoción do xeoturismo nas Montañas do Courel; pola consolidación do proxecto, e a autoestima que provocará na poboación local a presenza de grupos especializados que se achegan a Montañas do Courel para coñecer a súas paisaxes, xeoloxía, natureza, patrimonio histórico, patrimonio cultural, patrimonio arqueolóxico, a gastronomía..., en definitiva, o xeoturismo. Dende Montañas do Courel colaboraremos para que as visitas sobre o terreo de Montañeiros Celtas sexan exitosas, posibilitando que vos convertades nos primeiros embaixadores do futuro Xeoparque Mundial da UNESCO Montañas do Courel. **Martín Alemparte.**

SENDEIRISMO

Roteiro Cangas- Monte do Facho 27 de Xaneiro

A opción do Club foi o uso do transporte público , trasladámonos a Cangas no barco. O tempo non foi o que predicían. Esperábamos chuvia e tivemos un día fermoso.

Dende o porto de Cangas e sempre co mar á nosa esquerda, percorremos a zona industrial de Massó, chamando a nosa atención o que queda da factoría baleeira. Boa panorámica da Ría de Vigo ao paso polas praias de Areamilla, Santa Marta e Liméns. Ascendemos cara o Complexo dunar de Nerga-Viñó-Barra. Bordeando a costa percorremos a Costa da Vela, chegando a Donón xusto para o xantar. Pola tarde ascenso ao Monte do Facho e ao seu xacemento arqueolóxico. A volta foi cara o Facho do Hío, 240 m., que é o vértice xeodésico de O Hío. Espléndidas vistas da Ría a península do Morrazo e a ría de Pontevedra. Dende O Hío voltamos a Cangas pola parroquia de Darbo. O percorrido foi de 21 km., unha saída moi sinxela e agradable. Conchi B.



A Ruta do Contrabando 24 de Febreiro

O día prometía!! Domingo con moi boa temperatura, o bus a reventar e incluso algúns nos acercamos pola nosa conta....Quedamos de xuntarnos as dez na Praza de Luintra (Nogueira de Ramuin) porque dende aquí comenza a nosa ruta, a do Contrabando, circular e de casi 16 kms.... Unha ruta preciosa. Aínda que a verdade toda a Ribeira Sacra o é...pasamos por bosques, castiñeiros centenarios, muíños, sendeiros estreitos, antiguas alvarizas...e como non...viñas, hortas e aldeas, como a de Penalba, onde paramos para un pequeno refrixerio...vai facer falta, que agora toca subida, pero é por un camiño tradicional tan bonito que paga a pena o esforzo.... Ana R.



ESQUÍ

San Isidro 23 e 24 de Febreiro

A viaxe da chapa: Todos os que estivemos en San Isidro entendemos o título do artigo. Para acceder aos apartamentos tiñamos unha chapiña por cada sete ou oito, e... non te despistas do grupo, que podías quedar fóra ou depender de outros para pasar. E... co frío que facía pola noite non era cousa de andar con bromas.

Entrando na viaxe propiamente dita, tivemos moita sorte, o tempo foi moi bo, facía sol e calor, aínda que non tanto coma para non poder esquiar a gusto. Foi un grupo grande e moi variado nos niveis de esquí, así que houbo que facer varios grupos. As clases de esquí contratadas foron moi ben en xeral e temos que agradecer especialmente a Fernando Fdez. Rei a súa paciencia e axuda aos "novatos". En resumo, unha boa experiencia e moi bo primeiro contacto co esquí para os primeirizos. ¡¡Haberá que repetir!! Andrés Ll.



BICI DE MONTAÑA

Armenteira- Monte Castrove 10 de Marzo

Domingo pola mañá e toca madrugar! Hoxe saída de bici. Lugar Armenteira. Hora 9:30. Pero ben. Cando é para saír a disfrutar da bici cos amigos, non costa tanto levantarse da cama, aínda que o día se levante un pouco gris.

Ao chegar a Armenteira, xa vexo caras coñecidas: Vázquez, Evaristo,... outros van chegando pouco a pouco. Sacamos as bicis, falamos un pouco e listos para dar pedais.

Sáimos desde as portas do Mosteiro de Armenteira, unha xoia do cister galego, comezando a subir as costas empinadas entre as casas do pobo. Primeiro por asfalto, pero logo topamos coa terra, os charcos e a lama, que non abandonamos en todo o percorrido. Os primeiros tramos discorren por bosque mixto de piñeiros e eucaliptos, entre pistas forestais en bastante boa condición. Partimos dos 350 metros de altitude e o noso obxectivo era chegarmos ao cumio do Monte Castrove a 613 metros de altitude. Despois de numerosas costas arriba e abaixo, e uns cantos cruces sen perdernos (menos mal que levamos GPS), chegamos ao lugar desexado para poder admirar as fermosas vistas... Iso se as nubes nos deixaran ver algo. O caso é que o día gris se transformou nun día de "poalla" que, a parte de mollarnos, non nos deixou disfrutar das fermosas vistas deste monte, que está a cabalo entre as Rías de Pontevedra e Vilagarcía. Sen máis dilación comezamos o descenso, con algunha parada técnica para cambiar pneumáticos e chegar de novo ao mosteiro de Armenteira.

Ao rematar, algúns dos participantes decidimos ir comerlle un churrasquiño a Dena, para repor forzas despois de tanto esforzo. Xulio T.



ESCALADA

Open de Escalada 3 de Marzo

O día 3 de marzo celebrouse o Open de Escalada interclubs das Escolas Deportivas de Escalada, organizado por Montañeiros Celtas. Celebrouse no rocódromo do Pavillón de Travesas dende ás 9 as 14:30h. Houbo unha participación total de 47 menores que representaban a 4 clubs: AMI, Alud, Asesou, e Montañeiros Celtas sendo máis da metade dos participantes do noso Club.

Fíxose un ensaio de aplicación da nova normativa da FGM que entrará en vigor este ano dende para as probas de escalada base, con árbitros e aseguradores independentes dos organizadores, e hai que recoñecer que non saíu mal de todo, a escalada nos menores está empezando a ser tomada en serio como deporte de competición. Realizouse pódium unicamente nos maiores de 12 anos por xéneros, os menores desta idade fixeron pódium todos xuntos.



SECCIÓN INFANTIL

Saída Invernal Trevinca 16-17 de Marzo

A pasada fin de semana tiñamos organizada unha actividade de achegamento a neve en Pena Trevinca. O da neve non foi posible, xa que este ano, a neve non nos quixo acompañar.

Ainda así, decidimos ir cun pequeno grupo de 14 rapaces de entre 8-14 anos ó refuxio Folepa que Cholo e Marcos teñen en Vilanova de Trevinca.

O sábado, despois de acomodarnos no refuxio e comer, saímos dar un paseo cara o pobo de Edreira. Nun principio pensábase ir pola nova pista, pero Juanjo descubriu un camiño circular que arranca da estrada de Ponte, pasando por Edreira, cruza o Río Requeixo e chegada de novo ó pobo de Vilanova. O chegar a Edreira, pequena parada para repoñer forzas e beber un grollo de auga e continuamos.

O camiño de volta non estaba tan claro e tivemos que sortear toxos, auga e incluso cruzar o río. Foi un paseo divertido e moi bonito. Facía un día precioso de primaveira, con boa temperatura e ceos despexados que aproveitamos e desfrutamos moito. Chegamos o refuxio cando se estaba a poñer o día. Despois de un leve aseo e cambio de roupa mollada, Cholo xa nos tiña preparada a cea. Logo de cear, charla no refuxio, xogos e...a durmir. A caminata fora longa e estábamos cansos.

O Domingo pola mañá amañeceu frío, con néboa e chuviscando. Despois de preparar a mochila de ataque e deixar todo recollido, fomos almorzar e de seguido, tiramos dirección Meladas. O día foi abrindo a medida que avanzaba e ata chegou a saír o sol en algún momento. Pasamos polas antigas minas de volframio onde Juanjo nos explicou a súa orixe e utilidade.

De volta ó refuxio, comemos na Folepa, recollida e despedida. Toca marchar cara a Vigo, onde chegamos con puntualidade inglesa as 20.00h.

Rematou esta fin de semana onde creo que todos desfrutamos, nen@s e maiores.

Quero aproveitar para engadir que os monitores da Sección Infantil somos un pequeno grupo de soci@s con ilusión e gañas de colaborar para que esta sección non desapareza e poda continuar polo menos outros 50 anos máis. Para iso, precisamos monitores, así que, animádevos a colaborar e botar unha man na próxima Operación Benxamín, xa que contaremos coa asistencia de bastantes participantes e necesitamos da vosa axuda para poder levar a cabo todas as actividades que temos organizadas. Maite A.



Operación Benxamín

Material necesario
-Comida, sobretos e cantabeiros-
-Mochilas (grande e pequena)-
-Saco de dormir-
-Estornudo-
-Sacos de merenda e salado de repouso-
-Roupa cónvida (chándal, legiños...)-
-Chusqueiro e caxalón-
-Forros patas e toucador-
-Calcetíns e meias interior de repouso-
-Goma, correa, barba, ou frotador-
-Crema protectora solar-
-Baño e toalla (só se permite)-
-Recoméndase a súa propia botella de auga.

Información importante
1. É imprescindible levar roupa e calzado de repouso, por se nos mollemos. Dúas mochilas completas e dúas sacos de dormir na mochila e o mellor adecuado.
2. O **transporte** a e desde debe levarse sempre na mochila, faga o tempo que faga.
3. Non leve comida selada polo sentir da mochila, góndese perilleira na montaña.
4. Todo calzado de non espasax obxecto e roupa no xurónico, no refuxio ou zona de acampada.
5. O uso de teléfonos móbiles non está permitido.

Comidas
1. Unhasementos están incluído e almorzo (leite con caca e galletas), que correrá a cargo da organización. Tamén haberá leite e caca quente despois da cea para quen o desexe.
2. Se non podes tomar leite no almorzo, os teus pais teréno que indicalo na ficha de inscrición.
3. É importante levar un bo almorzo antes de facer actividade física e non esquecer a cacha e por suposto, a cea, que non permitirá recuperar a enerxía necesaria para o día seguinte.
4. Cando moxolan a comida sempre non se remolde debe ser variada, alimenticia, de dicada oleación, pouco especia e facilmente manexable. (Por exemplo: batido de proteína, arroz, crema, empanada, peixecca frita, empanadillas, castañas con manteiga, croquetas, etc.)

Entidades colaboradoras
CONCELLO DE VIGO XUNTA DE GALICIA DEPORTE GALEGO

Organiza
Club Montañeiros Celtas Sección Infantil Xvenil
Rúa Camarín, 29 - Vilanova de Trevinca
36900 Trevinca
Tel: 986 418 100

Club Montañeiros Celtas
Sección Infantil Xvenil

OPERACIÓN BENXAMÍN
52º CURSO DE INICIACIÓN AO MONTAÑISMO
17 e 18 de abril (Montaña Alca) e 19 e 20 de maio (Montaña Alca) e 25 e 26 de maio (Lousaria)

Presentación
Xa chegou de novo a Benxamín, unha actividade formativa dirixida a fomentar a afición ao montañismo.
Un total de 3 fins de semana cheos de actividades, dirixidos a rapaces e rapaces de 8 a 14 anos.
O equipo de monitores e colaboradores conta cunha gran experiencia na programación e realización desta actividade.
Como sempre, durante o curso os participantes adquiriran experiencia básica en alce libre, conxestión, tradicións e respecto polo medio natural, e iniciación nas técnicas propias do deporte de montaña como poden ser: técnicas de campamento, orientación, realización e equipación de mochila, e mochila de ataque, orientación, escalada e uso achegamento a diversos materiais e equipación deste deporte.
Se queres iniciarte, ou ampliar a túa experiencia, nesta práctica deportiva, que supoñe un estímulo de contacto coa natureza, vivindo experiencias inesquecibles, achégate a novos amigos e amigas.
Andar e acompañanos nesta nova aventura!

Programa
Martes 20.00h. Apertura e presentación no local social. Explicación detallada do programa do curso. Material necesario. Realización de actividades e preguntas.
23 de abril
Sábado 15.00h. Saída de Vigo ao refuxio de Monte Alca. Chegada e distribución no refuxio. Presentación. Ruta. Charla. Como se fai unha mochila. Visión de estratexias de condicións o perigos. Perrocha no refuxio.
27 de abril
Domingo Ruta e actividade teórico-práctica de escalada.
28 de abril no monte Galeiro. Chegado a Vigo as 20.00h.
11 de maio
Sábado 10.00h. Saída de Vigo ao refuxio de FOM de Alca. No Alca. Ruta de orientación. Campamento de noite. Charla de alimentación na montaña. Perrocha no refuxio.
12 de maio
Domingo Ruta. Charla e práctica de orientación na montaña. Recollida e saída. Chegado a Vigo as 20.00h.
19 de maio
Sábado 10.00h. Saída de Vigo ao Lago de Sanabria. Montaña de campamento no campo de fútbol. Ruta mixta. Perrocha en terras de carrega.
20 de maio
Domingo Ruta de senderismo. Se as condicións e o horario o permiten distribuímos un baño no lago. Recollida do campamento. Chegado a Vigo as 20.00h.
26 de maio
Venres 20.00h. Clausura e presentación de fotografías do curso. Entrega de diplomas.
7 de xuño
(*) (*) Presenche de confirmar logo do día.

Inscrición
[Ata o martes 23 de abril ou ata caberme as prazas!]
As inscricións poderán realizarse en info@celtas.net ou a través da secretaria do "Club Montañeiros Celtas" de 19:00 a 21:30 horas, na rúa Camarín, nº 29, oficina K (Tel: 986 418 100).
O número de prazas é limitado (a inscrición cerrase o caberme as prazas). No momento da inscrición satisfazase o importe do curso sendo imprescindible acudir a LICENCIA FEDERATIVA, para a participación nesta actividade.

Prezos

	Socios	Non socios
Alca	85 €	95 €
O Alca	75 €	85 €
Sanabria	75 €	85 €
Curso completo	75 €	100 €

[Os límites serán un desconto dun 15%]
Recoméndase a asistencia ao curso completo para unha experiencia e formación integral.

CULTURAL E MEDIOAMBIENTE

Xogando en Familia 2 de Febreiro

Comezamos o ano e a causa das inclemencias do tempo, chegamos o mes de Febreiro sen actividade montañeira para os máis cativos do Club, sen as coñecidas e valoradas “pequemarchas”. Así que pensamos na idea de organizar unha actividade lúdica e de convivencia nun lugar de interior. E que mellor que o noso local social para facelo. E así xurdiu a actividade “Xogando en familia”. Queríamos xuntarnos a pasar unha tarde diferente, compartindo xogos, tempo e diversión. Participamos unhas 8 familias: xuntámonos 20 persoas, entre nenos e nenas dende 4 anos, novos e adultos. Cada familia tiña que levar un xogo para compartir cos demais. Xogamos a diversos xogos de mesa moi variados. Como de xeito natural, repartímonos o espazo por idades. Os nenos máis pequenos no local, e os máis maiores, na biblioteca, con xogos máis de “estrujar a sesera”. Todos, grandes e pequenos xogamos e pasounos a tarde voando. Esta primeira actividade resultou ser moi positiva: compartimos xogos, merenda, divertímonos con xogos educativos: de rapidez visual, memoria, expresión verbal e non verbal, de movemento, de intelixencia, de rol, etc. e pasamos unha tarde diferente cos nosos fillos e fillas sen ter que consumir nen usar pantallas. E moitas de nós marchamos para casa cunha lista de xogos para cando haxa que facer algún agasallo educativo. Parece que a actividade tivo boa acollida, así que se queredes, REPETIMOS? Cristal C.



Pequemarcha Galiñeiro 17 de Marzo

Comezamos a tempada 2018 no querido Galiñeiro. Este ano, no que cumprimos 8 anos de pequemarchas (da primeira lembramos a Duna e Simón, de poucos meses, polos que fixemos a primeira parada para papilla e cambio de cueiros, e a Martín, que xa andaba con 3 anos).

Pero nesta ocasión fixemos dobre actividade: plantación de árbores no chamado Bosque dos Nenos, en colaboración da Comunidade de Montes de Vincios, e pateo visitando o curro, os petróglifos, a mámoa e o refuxio do Club. Todo, no Gali. Comezamos case con medo, retrasando unha hora a quedada, pois a chuvia ameazaba con complicar o día. Pero non só se portou senón que acabamos tendo un día soleado.

Chegou Miguel, de Prunus, cos 100 castiñeiros, nogueiras e cerdeiras encargados. Breve explicación, que case ninguén seguiu (en fin), collemos as ferramentas, seleccionamos cada un o seu buraco, puxemos as luvas e..... a plantar. Sorrisos, sorpresas,... pero todos nos aproximamos ao buraco coa árbore, unha ferramenta e a emoción do traballo a realizar. Algúns porteamos auga e observábamos o frenesí da xente miúda, que parecía dispostos a demostrar que o levaban facendo toda a vida.

Ao rematar a Comunidade de Vincios entregou a cada rapaz (incluída Nahia, de 1 mes) o seu diploma co nome da especie arbórea que plantou. Diploma que foi recollido con orgullo polos rapaces e rapazas e observados polos pais e nais sorrintes. Ata Fiz comentou que celebrara o seu aniversario plantando alí árbores cos amigos (foi pioneiro) e logo foron ao Aloia e comeron lentellas.

Co retraso da actividade houbo cambio de plans e ao facerse tarde, pasamos e ventilar a comida que cada quen trouxo, antes de poñernos a andar.

Reunidos todos, comezamos a pequepateada ata o curro do Galiñeiro, onde ademais dos comentarios vimos as espectaculares vistas sobre o Val Miñor e a ría de Vigo, ata divisar A Curota. Agora lucía o sol. Continuamos despois ata os petróglifos da Auga da Laxe, de armas, de extraordinaria importancia en Europa pero que non damos valorado adecuadamente.

Paramos na mámoa que hai ao lado e despois dividímonos en 2 grupos: o primeiro, no que abundaban moitos nenos e nenas moi pequenos, continuou ata o parque forestal para rematar; o segundo, que continuou ata o refuxio do Club (no que non puidemos abrir a porta). Parada para xogar e falar, tranquilos, ao sol (non daba ganas de marchar). Gozada de momento.

Rematamos a iso das 17,30 horas, mentres o comentario máis común era.... cando é a próxima? Emilio B.



VINDEIRAS ACTIVIDADES

AZORES

O 2019 naceu cunha idea distinta de pasar o tradicional campamento de agosto: botar unha ollada a terras volcánicas. Conos volcánicos, coladas de lava, grandes lagoas,... farannos vencer grandes desniveis para explorar o mundo volcánico de As Azores.

CUBILLAS DE ARBÁS

A ponte das letras galegas disfrutaremos dun entorno calizo, para camiñar, ascender picos, atravesar unha ferrata e sobre todo compartir uns días no medio que máis nos atrae: a montaña. Nesta ocasión en Cubillas de Arbás, en León.

ROTEIRO DE RECOÑECIMENTO DE PLANTAS SILVESTRES

O sábado , metidos de cheo na primavera, realizaremos un roteiro de recoñecemento de plantas silvestres pola mañá e pola tarde un obradoiro de cociña coas plantas silvestres recollidas. Contamos con grandes Mestres nesta materia: César e Patricia.

PROXECCIÓN NEPAL: O MUSTANG

O Mustang, ruta que supera os 5000, sorprendente, non deixou indiferente a ningún dos sufridos montañeiros Celtas que o percorreron no mes de novembro. Unha mostra do seu percorrido da man das fotos de Fernando Diago que vos encherán os ollos e vos traerán desexos de apuntarvos ás novedosas rutas no vindeiro outono.

Asemblea Xeral Ordinaria 26 de abril

A actual Xunta Directiva en reunión do día 26/03/2018 acordou, ao abeiro dos artigos 20 e 21 dos nosos Estatutos, convocar Asemblea Xeral Ordinaria o próximo día 26 de abril ás 20:00 horas en primeira convocatoria e ás 20:30 horas en segunda convocatoria, no local social situado en Avda. Camelias 78 oficina K, segundo á orde do día que se expón a continuación:

Orde do día da Asemblea Xeral Ordinaria:

- 1) Aprobación se procede, das actas anteriores Asemblea Ordinaria e Asemblea Extraordinaria
- 2) Presentación e aprobación, se procede da Memoria de actividades do ano 2018
- 3) Presentación e aprobación, se procede, das contas anuais de 2018
- 4) Incremento de cotas sociais
- 5) Informe de locais visitados para futuro local social
- 6) Presentación e aprobación, do calendario de actividades do ano 2019
- 7) Presentación e aprobación se procede, do orzamento para o ano 2019
- 8) Propostas dos asociados
- 8) Rogos e preguntas

A acta anterior da Asemblea Xeral Ordinaria non será lida e estará á disposición dos socios na oficina do Club e/ou no Taboleiro de anuncios a partir do día 11/04/19, xunto coa seguinte documentación: Censo de socios con dereito a voto, Balances e conta de resultados de 2018.

As Propostas dos asociados deberán presentarse segundo os estatutos con 5 días de antelación a celebración da asemblea.

ASEMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA

Ao remate da Asemblea Xeral Ordinaria convócase Asemblea Xeral Extraordinaria co único punto da orde do día seguinte:

- 1) Modificación logo de Club Montañeiros Celtas para incluír o nome de "Celtas"



Edita: Club Montañeiros Celtas

Edición: Mónica Vila

Colaboran neste número: Emillio B., Conchi B., Ana R., Andrés Ll., Xulio T., Maite A., Cristal C., Lourdes C. Imprime: Garpe / DP: vg-40-1998 Impreso en papel reciclado

A B R I L	DÍA	LUGAR- E ACTIVIDADE	SECCIÓN
	6-7	Xeoparque-Montañas do Courel.	Montaña-Sendeiros
	14	Pequemarcha: O Cepudo.	Cultura e M. Ambiente
	14	Sendeiro: Peneda-Gerês	Sendeiros
	14	Saída de bici: A determinar	Bici
	18-21	Semana Santa: Teverga-Somiedo e Ubiñas	Montaña-Sendeiros
	18-21	Semana Santa	Espéleo
	23	OB- Presentación	Infantil-Xuvenil
	26	Asemblea Xeral Ordinaria e Extraordinaria	Xunta directiva
	27-28	OB - Aloia	Infantil-Xuvenil
28-29	Saída Bici. A determinar	Bici	
M A I O	DÍA	LUGAR- E ACTIVIDADE	SECCIÓN
	4	Roteiro de recoñecemento de prantas silvestres	Cultura e M. Ambiente
	5	Copa Galega de Escalada Base. Proba de Vigo	Escalada
	5	Saída de bici: Allariz	Bici
	10	Proxección Nepal: Mustang	Sociais
	11-12	OB -.Albite	Infantil-Xuvenil
	12	Roteiro: Ribeira Sacra-Cabo do Mundo	Montaña-Sendeiros
	17 a 19	Cubillas de Arbás – Montaña, Ferratas, Roteiros	Montaña-Sendeiros
	25-26	OB—Sanabria	Infantil-Xuvenil
	26	Pequemarcha: Illas Cíes	Cultura e M. Ambiente
	26	Bici de Montaña: Baños de Molgas	Bici
26	Roteiro a determinar	Montaña-Sendeiro	
X U Ñ O	DÍA	LUGAR- E ACTIVIDADE	SECCIÓN
	1-2	Xeoparque Montañas do Courel. Etp 3 e 4 Quiroga	Montaña-Sendeiros
	2	Xornada Iniciación Escalada	Escalada
	7	OB. Clausura	Infantil-Xuvenil
	9	Xornada Iniciación á escalada. Galiñeiro	Escalada
	9	Roteiro a determinar	Montaña-Sendeiros
	8-9	Saída de bici: A determinar	Bici
	22-23	Pequecampamento	Cultura M. Ambiente
30	Roteiro a determinar	Montaña-Sendeiros	

**Publicorreo
Óptimo**

CLUB MONTAÑEIROS CELTAS

Avda. Camelias, 78 oficina k – 36211 Vigo

Teléfono 986 438 505 /   @clubmontaneiroseltas

www.celtas.gal / info@celtas.net